

Servizo de
CONTRATACIÓN

CONCELLERÍA
DE
CONTRATACIÓN

CONCELLO
DE VIGO



ACTA DA MESA DE CONTRATACIÓN DO 19 DE AGOSTO DE 2021

Ás 12:10 horas do día 19 de agosto de 2021, reúnese a Mesa de Contratación do Concello de Vigo, en sesión virtual a través da canle Cisco Webex Meetings, convocada pola presidenta o 13 de agosto, para tratar os asuntos da orde do día que figuran na convocatoria.

Asisten á reunión da Mesa de Contratación:

Presidenta: D. Francisco Javier Espiñeira Izquierdo, suplente

Vocais: D^a. María Isabel Fernández Gabriel, vogal suplente da titular da Asesoría Xurídica
D. Alberto Escariz Couso, interventor xeral
D^a. Beatriz Barbará Rodríguez, vogal suplente da técnica de Administración xeral de Contratación (asiste aos puntos 9a, 10a e 11)
D^a. María Dolores Sotelo Gallego, suplente do xefe do Servizo Administrativo e Control Orzamentario da Área de Fomento (asiste aos puntos 2 e 4)
D^a. María José Loureiro Bada, xefa do Servizo de Educación (asiste aos puntos 9b e 10b)

Secretaria: D^a. Ángela Fernández López, suplente da xefa do Servizo de Contratación

Aberta a sesión pola Sra. presidenta procédese a tratar os puntos incluídos na orde do día:

2.- Apertura administrativa/Cualificación da documentación acreditativa do cumprimento dos requisitos previos

a) Procedemento aberto para a contratación das obras do proxecto de "humanización e mellora de accesibilidade da rúa Talude" (941-441)

A secretaria le o listado de licitadores presentados a este procedemento segundo consta na Plataforma de Contratos do Sector Público e no certificado expedido polo Rexistro Xeral e pregunta aos membros asistentes se teñen algún conflito de intereses co único licitador presentado. Ningún dos asistentes manifesta ter conflito de intereses con el.

A continuación procédese á cualificación dos documentos que compoñen o sobre A "Documentación persoal", tras a súa descriptación pola Secretaría e a Presidencia, e acórdase, por unanimidade:

- Admitir neste procedemento a AVAN INTEGRAL, S.L. por ter presentado correctamente a documentación esixida no prego de cláusulas administrativas para declarar o cumprimento dos requisitos previos.



Copia do documento - Concello de Vigo	Data impresión: 29/04/2024 10:37	Páxina 1 de 8
ACTAS PERFIL CONTRATANTE	CSV: ADAC4E-57D9CH-8F2C4D-EQGG9R-HTB24J-F1	
Pode validar e/ou obter copia electrónica do documento utilizando o código QR da esquerda ou o código de verificación na dirección http://www.vigo.org/csv		

b) Procedemento aberto para a contratación das obras do proxecto de "Mellora e acondicionamento do entorno do Torreiro de Santo André de Valadares (O Adro)" (884-441)

A secretaria le o listado de licitadores presentados a este procedemento segundo consta na Plataforma de Contratos do Sector Público e no certificado expedido polo Rexistro Xeral e pregunta aos membros asistentes se teñen algún conflito de intereses con algún dos licitadores. Ningún dos asistentes manifesta ter conflito de intereses con eles.

A continuación procédese á cualificación dos documentos que compoñen o sobre A "Documentación persoal", tras a súa desencriptación pola Secretaría e a Presidencia, e acórdase, por unanimidade:

- Admitir neste procedemento aos licitadores que deseguido se relacionan, por ter presentado correctamente a documentación esixida no prego de cláusulas administrativas para declarar o cumprimento dos requisitos previos:
 1. ACTIVIDADES DE CONSTRUCCIÓN EDIFICACIÓN Y VIALES, S.L.
 2. NAROM, S.L.
 3. ZONA DE OBRA O ROSAL, S.L.

c) Procedemento aberto para a contratación das obras do proxecto de "Humanización da praza Francisco Fernández del Riego" (894-441)

A secretaria le o listado de licitadores presentados a este procedemento segundo consta na Plataforma de Contratos do Sector Público e no certificado expedido polo Rexistro Xeral e pregunta aos membros asistentes se teñen algún conflito de intereses con algún dos licitadores. Ningún dos asistentes manifesta ter conflito de intereses con eles.

A continuación procédese á cualificación dos documentos que compoñen o sobre A "Documentación persoal", tras a súa desencriptación pola Secretaría e a Presidencia, e acórdase, por unanimidade:

- Admitir neste procedemento aos licitadores que deseguido se relacionan, por ter presentado correctamente a documentación esixida no prego de cláusulas administrativas para declarar o cumprimento dos requisitos previos:
 1. CIVIS GLOBAL, S.L.U.
 2. ORECO, S.A.U.
 3. PETROLAM INFRAESTRUCTURAS, S.L.
 4. PRACE, SERVICIOS Y OBRAS, S.A.
 5. UTE CONSTRUCCIÓN OBRAS E VIAIS, S.A. (COVSA) - CONSTRUCCIONES RAMÍREZ (porcentaxe de participación na UTE ao 50%)
 6. XESTIÓN AMBIENTAL DE CONTRATAS, S.L.

4.- Apertura da documentación técnica

a) Procedemento aberto para a contratación das obras do proxecto de "humanización e mellora de accesibilidade da rúa Talude" (941-441)

Procédese á desencriptación dos documentos que compoñen o sobre B "Proposición



Copia do documento - Concello de Vigo	Data impresión: 29/04/2024 10:37	Páxina 2 de 8
ACTAS PERFIL CONTRATANTE	CSV: ADAC4E-57D9CH-8F2C4D-EQGG9R-HTB24J-F1	
Pode validar e/ou obter copia electrónica do documento utilizando o código QR da esquerda ou o código de verificación na dirección http://www.vigo.org/csv		

Servizo de
CONTRATACIÓN

CONCELLERÍA
DE
CONTRATACIÓN

CONCELLO
DE VIGO



avaliable mediante xuízo de valor" dos licitadores admitidos.

A Mesa, por unanimidade dos membros presentes, acorda solicitar informe sobre a referida documentación técnica ao servizo xestor.

b) Procedemento aberto para a contratación das obras do proxecto de "Mellora e acondicionamento do entorno do Torreiro de Santo André de Valadares (O Adro)" (884-441)

Procédese á descrición dos documentos que compoñen o sobre B "Proposición avaliable mediante xuízo de valor" dos licitadores admitidos.

A Mesa, por unanimidade dos membros presentes, acorda solicitar informe sobre a referida documentación técnica ao servizo xestor.

c) Procedemento aberto para a contratación das obras do proxecto de "Humanización da praza Francisco Fernández del Riego" (894-441)

Procédese á descrición dos documentos que compoñen o sobre B "Proposición avaliable mediante xuízo de valor" dos licitadores admitidos.

A Mesa, por unanimidade dos membros presentes, acorda solicitar informe sobre a referida documentación técnica ao servizo xestor.

9.- Entrega e, no seu caso, aceptación dos informes de valoración dos criterios avaliáveis mediante fórmula nos procedementos abertos, negociados e restrinxidos

a) Procedemento aberto para a contratación do subministro de mobiliario urbano (48.950-446)

A secretaria pregunta aos membros asistentes se teñen algún conflito de intereses cos licitadores admitidos. Ningún dos asistentes manifesta ter conflito de intereses con eles.

Entrégase o informe asinado polo enxeñeiro industrial do programa de análise e avaliación e a adxunta ao xefe do Servizo de Montes, Parques e Xardíns o 12 de agosto de 2021 de valoración do sobre C "Proposición avaliable mediante fórmula" coa proposta de clasificación que é aceptado por unanimidade dos membros da Mesa.

b) Procedemento aberto dos servizos de xestión, organización e desenvolvemento dos desprazamentos de escolares do programa educativo municipal de coñecemento da cidade "VIGO EDUCA" (25.172-332)

A secretaria pregunta aos membros asistentes se teñen algún conflito de intereses cos licitadores admitidos. Ningún dos asistentes manifesta ter conflito de intereses con eles.

Entrégase o informe asinado polo técnico de Actividades Culturais e Educativas e a xefa do Servizo de Educación o 10 e 11 de agosto de 2021 de valoración do sobre C "proposición avaliable mediante fórmula" coa proposta de clasificación que é aceptado por unanimidade dos membros da Mesa.



Copia do documento - Concello de Vigo	Data impresión: 29/04/2024 10:37	Páxina 3 de 8
ACTAS PERFIL CONTRATANTE	CSV: ADAC4E-57D9CH-8F2C4D-EQGG9R-HTB24J-F1	
Pode validar e/ou obter copia electrónica do documento utilizando o código QR da esquerda ou o código de verificación na dirección http://www.vigo.org/csv		

10.- Propostas de clasificación/clasificación

a) Procedemento aberto para a contratación do subministro de mobiliario urbano (48.950-446)

Á vista das actuacións desta Mesa de Contratación e dos informes de valoración das proposicións presentadas, por unanimidade dos asistentes, propónse á concelleira delegada de Contratación, por delegación da Xunta de Goberno local (acordo do 20 de xuño de 2019), a adopción da seguinte resolución:

“Primeiro.- Clasificar, de acordo cos criterios de adxudicación sinalados no prego, as proposicións admitidas neste procedemento aberto para a contratación do subministro de mobiliario urbano (48.950-446) na seguinte orde descendente:

Lote 1:

Orde	Licitadores	Puntuación total
1	GLOBALIA URBANISMO INTEGRAL, S.L.	100,00
2	BENITO URBAN, S.L.U.	91,07
3	PARQUES Y JARDINES FÁBREGAS, S.A.U.	88,16
4	ACCIONA MEDIO AMBIENTE, S.A.U.	41,77

Lote 2:

Orde	Licitadores	Puntuación total
1	GLOBALIA URBANISMO INTEGRAL, S.L.	100,00
2	BENITO URBAN, S.L.U.	91,06
3	PARQUES Y JARDINES FÁBREGAS, S.A.U.	88,16
4	ACCIONA MEDIO AMBIENTE, S.A.U.	41,83

Lote 3:

Orde	Licitadores	Puntuación total
1	ACCIONA MEDIO AMBIENTE, S.A.U.	100,00

Segundo.- Requiritur ao licitador clasificado en primeiro lugar en cada un dos lotes, GLOBALIA URBANISMO INTEGRAL, S.L. (lotes 1 e 2) (B-24.572.554) e ACCIONA MEDIO AMBIENTE, S.A.U. (lote 3) (A-46.609.541), para que presenten, no prazo de dez días hábiles, a contar desde o seguinte a aquel no que reciban o requirimento, a seguinte documentación (artigo 150.2 LCSP):

- Declaración responsable de non estar incurso en prohibición de contratar. A documentación esixida nas cláusulas 8 e 22 do prego de cláusulas administrativas particulares (PCAP).
- Resgardo da garantía definitiva esixible de acordo co disposto na cláusula 24 do prego de cláusulas administrativas particulares”.



Servizo de
CONTRATACIÓN

CONCELLERÍA
DE
CONTRATACIÓN

CONCELLO
DE VIGO



b) Procedemento aberto dos servizos de xestión, organización e desenvolvemento dos desprazamentos de escolares do programa educativo municipal de coñecemento da cidade "VIGO EDUCA" (25.172-332)

Á vista das actuacións desta Mesa de Contratación e dos informes de valoración das proposicións presentadas, por unanimidade dos asistentes, propónse á concelleira delegada de Contratación, por delegación da Xunta de Goberno local (acordo do 20 de xuño de 2019), a adopción da seguinte resolución:

"Primeiro.- Clasificar, de acordo cos criterios de adxudicación sinalados no prego, as proposicións admitidas neste procedemento aberto dos servizos de xestión, organización e desenvolvemento dos desprazamentos de escolares do programa educativo municipal de coñecemento da cidade "VIGO EDUCA" (25.172-332) na seguinte orde descendente:

Orde	Licitadores	Puntuación total
1	EMPRESA ESTÉVEZ AVIÓN, S.L.	94,50
2	AUTOCARES IGLESIAS, S.L.	89,32
3	SERVICIOS DE AUTOBUSES LAR, S.L.	87,02
4	AUTOS GONZÁLEZ, S.L.	83,63
5	VIAJES MELYTOUR, S.L.	83,30
6	UTE DMGUEZ-UNIÓN-INDUSTRIAL-CASTROMIL	43,62

Segundo.- Requerir ao licitador clasificado en primeiro lugar, EMPRESA ESTÉVEZ AVIÓN, S.L. (B-36.046.530), para que presente, no prazo de dez días hábiles, a contar desde o seguinte a aquel no que reciba o requirimento, a seguinte documentación (artigo 150.2 LCSP):

1. Declaración responsable de non estar incurso en prohibición de contratar.
2. A documentación esixida nas cláusulas 8 e 22 do prego de cláusulas administrativas particulares (PCAP). Lémbrese que deberán acreditar estar en posesión da habilitación profesional esixida no apartado 5G do Anexo I -FEC- do PCAP.
3. Resgardo da garantía definitiva esixible de acordo co disposto na cláusula 24 do prego de cláusulas administrativas particulares".

11.- Propostas de adxudicación

a) Procedemento aberto para a contratación do servizo de produción técnica para a realización dun máximo de eventos institucionais organizados pola Alcaldía do Concello de Vigo (18.386-101)

A secretaria pregunta aos membros asistentes se teñen algún conflito de intereses co A secretaria pregunta aos membros asistentes se teñen algún conflito de intereses co licitador clasificado en primeiro lugar neste procedemento. Ningún dos asistentes manifesta ter conflito de intereses con el.

LEXISLACIÓN APLICABLE

- Lei 9/2017, do 8 de novembro, de contratos do Sector Público, pola que se traspoñen ao ordenamento xurídico español as Directivas do Parlamento Europeo e



Copia do documento - Concello de Vigo	Data impresión: 29/04/2024 10:37	Páxina 5 de 8
ACTAS PERFIL CONTRATANTE	CSV: ADAC4E-57D9CH-8F2C4D-EQGG9R-HTB24J-F1	
Pode validar e/ou obter copia electrónica do documento utilizando o código QR da esquerda ou o código de verificación na dirección http://www.vigo.org/csv		

- do Consello 2014/23/UE e 2014/24/UE, do 26 de febreiro de 2014
- Real decreto 817/2009, de 8 de maio, polo que se desenvolve parcialmente a Lei 30/2007, de 30 de outubro, de contratos do sector público (RLCSP)
- Real decreto 1098/2001, de 12 de outubro, polo que se aproba o regulamento xeral da Lei de contratos das Administracións Públicas (RLCAP), no que non se opoña ao Real decreto lexislativo 3/2011
- Prego de cláusulas administrativas particulares que rexe o procedemento aberto para a contratación do servizo de produción técnica para a realización dun máximo de eventos institucionais organizados pola Alcaldía do Concello de Vigo (18.386-101)

ANTECEDENTES

Primeiro.- Con data do 24 de xuño de 2021 a Xunta de Goberno local, acordou:

"Primeiro.- Aprobar o expediente de contratación da prestación do servizo de produción técnica para a realización dun máximo de eventos institucionais organizados pola Alcaldía do Concello que contén o prego de prescricións técnicas particulares de data 24 de maio de 2021 asinado pola Xefa da Unidade Administrativa de Alcaldía, e o prego de prescricións administrativas particulares de data 15 de xuño de 2021, asinado pola Xefa do Servizo de Contratación.

Segundo .- Autorizar un gasto por importe de 91.142,10 € (noventa e un mil cento corenta e dous euros con dez céntimos) ive engadido. Sendo o importe correspondente ao 21% de ive 15.818,05 € (quinze mil oitocentos dezaioito euros con cinco céntimos) con cargo á aplicación orzamentaria 2021 9120 2279910 (asistencia técnica a proxectos institucionais) dos presupostos da Alcaldía.

Terceiro.- Abrir o procedemento de licitación na forma legalmente prevista".

Segundo.- A concelleira delegada de Contratación, por delegación da Xunta de Goberno local (acordo do 20 de xuño de 2019), o 12 de agosto de 2021 adoptou a seguinte resolución:

"Primeiro.- Tomar razón do acordo adoptado pola Mesa de Contratación do Concello de Vigo, na sesión do 22 de xullo de 2021, polo que non se admite a SONIDO COLLAZO, S.L. neste procedemento por non presentar a documentación requirida durante o prazo conferido ao efecto para a emenda da documentación acreditativa dos requisitos previos.

Segundo.- Clasificar, de acordo cos criterios de adxudicación sinalados no prego, as proposicións admitidas neste procedemento aberto para a contratación do servizo de produción técnica para a realización dun máximo de eventos institucionais organizados pola Alcaldía do Concello de Vigo (18.386-101) na seguinte orde descendente:



Copia do documento - Concello de Vigo	Data impresión: 29/04/2024 10:37	Páxina 6 de 8
ACTAS PERFIL CONTRATANTE	CSV: ADAC4E-57D9CH-8F2C4D-EQGG9R-HTB24J-F1	
Pode validar e/ou obter copia electrónica do documento utilizando o código QR da esquerda ou o código de verificación na dirección http://www.vigo.org/csv		

Orde	Licitadores	Puntuación total
1	SACAFERRO, S.L.	91,02
2	FLUGE GALICIA, S.L.	50,62

Terceiro.- Requirir ao licitador clasificado en primeiro lugar, SACAFERRO, S.L. (B-27.704.980), para que presente, no prazo de dez días hábiles, a contar desde o seguinte a aquel no que reciba o requirimento, a seguinte documentación (artigo 150.2 LCSP):

1. Declaración responsable de non estar incurso en prohibición de contratar.
2. A documentación esixida nas cláusulas 8 e 22 do prego de cláusulas administrativas particulares (PCAP).
3. Resgardo da garantía definitiva esixible de acordo co disposto na cláusula 24 do prego de cláusulas administrativas particulares”.

Terceiro.- Esta resolución foi notificada ao licitador clasificado en primeiro lugar, SACAFERRO, S.L., o día 12 de agosto de 2021, que presenta a documentación requirida os días 13 e 19 de agosto, dentro do prazo concedido.

Cuarto.- A Mesa de Contratación na sesión do 19 de agosto de 2021 revisou a documentación presentada, sendo esta correcta, polo que acordou, por unanimidade dos membros presentes, propoñer ao órgano de contratación a adxudicación deste procedemento.

FUNDAMENTOS XURÍDICOS

Primeiro.- A nosa lexislación contractual impón ao órgano de contratación a obriga de adxudicar o contrato dentro dos cinco días hábiles seguintes á recepción da documentación. O acordo de adxudicación deberá ser motivado, notificarase aos licitadores e, simultaneamente, publicarase no perfil de contratante no prazo de quince días (artigo 151.1 LCSP).

Recibida tanto a documentación presentada polo licitador clasificado en primeiro lugar SACAFERRO, S.L., como a solicitada de oficio pola Administración municipal e, comprobado que esta é correcta, procede adxudicar este contrato.

Segundo.- A competencia para formular a proposta de adxudicación ao órgano de contratación correspóndelle á Mesa de Contratación. A proposta realizarase a favor do licitador que teña presentado a mellor oferta, de conformidade coo disposto no artigo 145, segundo proceda de conformidade co prego de cláusulas administrativas particulares que rexa a licitación.

A oferta máis vantaxosa para a administración contratante é a formulada por SACAFERRO,



S.L., de acordo cos informes de valoración das proposicións avaliábeis mediante xuízo de valor e das proposicións avaliábeis mediante fórmula, de datas 2 de 10 de agosto de 2021, respectivamente.

Terceiro.- A competencia para a resolución deste expediente correspóndelle á Xunta de Goberno local (apartado 4 da disposición adicional segunda da LCSP), na súa calidade de órgano de contratación.

En base ao que antecede, propónse á Xunta de Goberno local como órgano de contratación, en uso das facultades que lle confire a lexislación vixente, a adopción do seguinte acordo:

"Adxudicar a SACAFERRO, S.L. (B-27.704.980) o procedemento aberto para a contratación do servizo de produción técnica para a realización dun máximo de eventos institucionais organizados pola Alcaldía do Concello de Vigo (18.386-101) coas seguintes condicións:

a) *O prezo total do contrato é de 91.142,10 euros, sendo a cota correspondente ao IVE de 15.818,05 euros.*

b) *Propón unha porcentaxe de redución a aplicar aos prezos unitarios previstos no apartado 3G do Anexo I -FEC- do PCAP de:*

- Para os eventos tipo A do 28 (%).*
- Para os eventos tipo B do 24,5 (%).*
- Para os eventos tipo C do 0,01 (%).*

c) *Incrementa a experiencia mínima dos técnicos esixidos como medios persoais no apartado 5.G do Anexo I -FEC- do PCAP en:*

- Coordinador/a 15 anos.*
- Técnico/a de son: 15 anos.*
- Técnico/a de iluminación: 15 anos. Técnico/a de vídeo: 15 anos.*

Todo iso de acordo cos pregos de prescricións técnicas e de cláusulas administrativas particulares aprobados por acordo da Xunta de Goberno e a oferta presentada".

Non tendo máis asuntos que tratar, a presidenta declara finalizada a sesión ás 12:35 horas. De todo o tratado eu secretaria dou fe.

(Documento asinado dixitalmente polos membros da Mesa asistentes a esta sesión)



Copia do documento - Concello de Vigo	Data impresión: 29/04/2024 10:37	Páxina 8 de 8
ACTAS PERFIL CONTRATANTE	CSV: ADAC4E-57D9CH-8F2C4D-EQGG9R-HTB24J-F1	
Pode validar e/ou obter copia electrónica do documento utilizando o código QR da esquerda ou o código de verificación na dirección http://www.vigo.org/csv		